



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E SEIS DE XANEIRO DO 2016.

SRES. ASISTENTES:

Alcaldesa - Presidenta:

D^a. Rocío López García.

Tenentes de Alcalde:

D. Manuel Arango Ron.

D. Carlos Rivas Rivas.

D^a.M^a Mercedes Dengra Sixto.

Secretaria -Interventora:

D^a.M^a. Begoña Glez. Pedregal.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial de Lourenzá, sendo as TRECE HORAS (13,00) do día VINTE E SEIS DE XANEIRO de 2015 reúnese a Xunta de Goberno Local baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa - Presidenta, asistindo os señores relacionados ao marxe e actuando como fedataria, la Secretaria da Corporación.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia, pasouse ao exame e deliberación dos asuntos comprendidos na Orde do Día, adoptándose os acordos que se relacionan seguidamente:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (14/12/2015).

Preguntados os membros da Corporación pola Alcaldía se tiñan algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data CATROCE DE DECEMBRO DO 2015 (14/12/2015) e no habendo nada, foi aprobada por unanimidade dos presentes.

2º.- CORRESPONDENCIA OFICIAL.

Neste punto da orde do día deuse conta dos seguintes escritos oficiais, quedando a Xunta de Goberno Local enterada do contido de todos eles, a saber:

A) Escrito do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de data 22/01/2016 polo que se comunica que se concede ó Concello de Lourenzá a ampliación do período de reintegro dos saldos debedores resultantes a cargo do mesmo en la liquidación definitiva da súa participacións nos Tributos do Estado do ano 2013.

B) Escrito núm.79 da Exma. Deputación Provincial, de data 04/01/2016, polo que se achega a notificación da Resolución do concurso para a realización de investimentos e equipamentos culturais dos concellos da provincia de Lugo e na que aparece incluída una subvención ó concello de Lourenzá por importe de trescentos cincuenta (350,00.-) euros para a adquisición de fotocopiadora para biblioteca municipal.

C) Escrito núm. 132 da Exma. Deputación Provincial, de data 05/01/2016 polo que se achega a notificación da Resolución do concurso para a realización de actividades culturais de carácter anual dos concellos da provincia de Lugo e na que aparece incluída una subvención ó concello de Lourenzá por importe de mil douscentos (1.200,00.-) euros para a celebración de concerto musical en Tovar e curso de cestería.

D) Escrito núm. 123363 de 15/12/2015 da Consellería de Política Social pola que se achega Resolución de reintegro da xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais en relación ao servizo de Axuda no Fogar para persoas en situación de dependencia e regularización de incidencias nas horas do servizo de Axuda no Fogar derivadas do exercicio anterior e segundo o cal o remanente ascendería a -15.280,73 Euros, que sería descontado cunha periodificación de dous pagamentos, dende o carto trimestre do ano 2015 ata o primeiro trimestre do ano 2016, aplicando un desconto en cada período de -7.460,36 euros.

E) Escrito da Xerencia Territorial do Catastro de Lugo, de data 28/12/2015, Expediente 01046216.27/15/Documento 01546365, polo que se achega acordo de alteración da titularidade da parcela núm. 00839 do Polígono 4 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzán Sur, con referencia catastral 27027C004008390000DJ, sita no Lugar de Entrasaugas, parroquia de parroquia de San Xurxo, cunha extensión superficial de seis hectáreas e corenta centiáreas. Limita Norte, con Eladio Vidal Pérez (822); Sur, con Encarnación Vidal Cajoto (840); Oeste, con río Vaos; e Este, con camiño. Nesta finca sitúase unha estación depuradora de augas residuais e poste e contador da luz.

3º.- LICENCIAS URBANÍSTICAS.

A).- EXPDTE 1.989/14 DE D. ALBERTO GREGORIO ACEBO PARA CONSTRUCCION DE BEIRARRÚA DE FORMIGÓN.

Vista a solicitude presentada por D. ALBERTO GREGORIO ACEBO con DNI. Núm. 33.998.910B con domicilio en Casablanca, 4A da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, quen solicita permiso para construción de beirarrúa de formigón cunha superficie de 100 m² no perímetro da súa vivenda, sita en Casablanca, 4A da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

- 1.- A autorización da obra solicitada.
- 2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 12/01/16 a saber:
 - Estricta suxeición ao solicitado.
 - Normativa aplicable: Solo de Núcleo Rural.
 - Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.
 - Non se alterarán as aliñacións nin volumes existentes.
 - Prazo de execución: Inicio: 3 meses.
 - Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar oitenta e tres euros con dezaseis céntimos (83,16.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en dous mil setecentos setenta e dous euros (2.772,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



B).- EXPDTE 1.475/15 DE D. ANGEL JOSE LOPEZ ARIAS PARA SUSTITUCION DE PASAMANOS.

Vista a solicitude presentada por D. ANGEL JOSE LOPEZ ARIAS con DNI. Núm. 33.798.260S con domicilio en Avda. da Coruña, 165, 2º dcha de Lugo, quen solicita permiso para substitución de pasamanos de entrada en beirarrúa a vivenda da súa propiedade en Batán, 6 da Parroquia de Santo Tome deste Termo Municipal.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 12/01/16 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.
- Normativa aplicable: Solo Rústico.
- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a

seguridade de persoas, animais e cousas.

- As obras solicitadas refírense unicamente á substitución do pasamanos da escaleira exterior e por tanto teñen a condición de obra menor de acordo co disposto no art. 195.3 da Lei 9/2002 e segundo o disposto na Lei 2/2010 para obras menores non é necesaria autorización autonómica.

Prazo de execución: Inicio: 3 meses.

Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar vinte e sete euros (27,00.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en novecentos euros (900,00.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

C).- EXPDTE 1.228/15 DE D^a. M^a REMEDIOS OTERO EXPOSITO PARA LIMPEZA DE CANLE DE DERIVACION E OBRAS DE RECONSTRUCCION DOS MUROS DA COMPORTA.

Vista a solicitude presentada por D^a. M^a REMEDIOS OTERO EXPOSITO con DNI. Núm. 76.547.880Q con domicilio en Tiagonce, 2 da Parroquia de Santa María de este Termino Municipal, quen solicita permiso para limpeza do canle de derivación e obras de reconstrución dos muros da comporta na zona de policía do Río Baos, no lugar de Rega-Tiagonce da Parroquia de Santa María deste Termino Municipal.

Visto a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 19/01/16 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais.

- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- As obras axustaranse ó cumprimento das condicións xerais e particulares establecidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Augas de Galicia que figuran na Resolución de data 13/01/16 e que se transcriben seguidamente:

"1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executa-las obras conservando as servidumes legais existentes.

3.- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a aprobación previa de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, e serán pola conta do beneficiario as remuneracións e os gastos que por eses conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como, en xeral ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o organismo competente en materia de calidade medioambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, e quedará obrigado á su indemnización e a realiza-los traballos que a Administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis. A revogación declararase por resolución motivada de Augas de Galicia, que poderá adopta-las medidas que considere necesarias para garanti-las condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude de disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións e, en particular, da licencia municipal de obras.

• Particulares:

1. As obras consisten na reparación con material pétreo dos muros onde se sitúa a comporta da canle de derivación. Estes muros quedarán coas dimensións orixinais de 2,50 x 1,50 m o esquerdo e de 2,50 e 0,80 m o dereito cunha altura en ambos casos de 1,40 m. Entre os dous muros situarase a comporta de madeira da canle de derivación.

Estas obras de reparación sitúanse a carón do río e fóra do mesmo.

Inclúese a limpeza da canle de derivación uns 75 m de lonxitude mediante retirada de depósitos de area e pedras, restos vexetais e restos inorgánicos que se levarán a vertedoiro autorizado.



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tif: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



Os muros de encaixe da comporta foron derrubados en parte a consecuencia das fortes riadas e a súa reparación é necesaria para que o fluxo das augas pola canle de derivación sexa o adecuado.

2. Deberá respectarse o establecido pola lexislación en materia de augas, en especial no tocante ó mantemento do caudal ecolóxico no leito do río, e na lexislación de pesca fluvial respecto a dispositivos de interdicción na canle de derivación para a fauna piscícola e de paso desta fauna a través do azud de derivación.
3. Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.
4. Evitarase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira.
5. Deixarase en todo caso expedita a franxa de servidume de 5 metros de ancho medidos a partir do borde ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.
6. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de cascallos das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante o una capacidade hidráulica da canle.
De xeito especial, prohibese verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como o cambio de aceite de maquinaria de construción.
Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de materiais que poidan incorporarse ó río por escorrentas ou cheas.
Os residuos xerados durante a construción deberán ser tratados adecuadamente.
7. As obras deberán estar rematadas no prazo de doce (12) meses a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido ese prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido deberá solicitar prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.
8. Rematadas as obras, comunicaráse a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno."

Prazo de execución: Inicio: 3 meses.

Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento corenta e cinco euros con cincuenta céntimos (145,50.-) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en catro mil oitocentos cincuenta euros (4.850.-). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

4º.- APERTURA ESTABLECEMENTOS.

A) EXPTE 1329/15 DE APERTURA DE "BAR RESTAURANTE DE 4ª CATEGORIA"

Visto o expediente tramitado a instancia de D^a. MARIA BARREIRA RODRIGUEZ con D.N.I. nº 33.690.834C con domicilio en Igrexa, 4 da Parroquia de San Adriano deste Término Municipal, quen solicita a

reglamentaria licenza para abrir ao público un establecemento que haberá de dedicarse á actividade de "Bar - Restaurante de 4ª categoría" cuxo local está situado en Igrexa, 4 da Parroquia de San Adriano deste termo municipal.

Cumpridos os trámites esixidos e resultando acreditado o dereito da licenza que se pretende, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria por unanimidade, ACORDA:

Conceder a licenza que se solicita así como aprobar a liquidación das taxas municipais, que figura no expediente, cuxo importe ascenderá á cantidade de setenta e oito euros con dezaoto céntimos (78,18), que deberá ser ingresada previamente en arcas municipais, sen cuxo requisito a licenza non terá efecto algún.

5º.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

A).- DACIÓN DE CONTA DA ORDE DE 21 DE DECEMBRO DE 2015 DA VICEPRESIDENCIA E DA CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (DOG NÚMERO 246 DE 28 DE DECEMBRO DE 2015), POLA QUE SE REGULAN OS CRITERIOS DE REPARTICIÓN E SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DA LIÑA EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E DA LIÑA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O ANO 2016, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA, DESTINADAS A ENTIDADES LOCALES DE GALICIA E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.

Visto o contido da Orde de 21 de Decembro do 2015 (DOG. núm. 246 de 28/12/2015) arriba epigrafiada así como a oportunidade de imputar á mesma o servizo que estase xestionando de forma compartida co veciño concello de Trabada e poder melloralo.

Vista a Memoria Xustificativa da Alcaldía para o Proxecto denominado "MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E DESBROCE NOS CONCELLOS DE LOURENZÁ E TRABADA".

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria y por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.-

a) Aprobar , xunto co concello de Trabada, a execución do Proxecto denominado "MANTEMENTO DE ESPAZOS NATURAIS E DESBROCE NOS CONCELLOS DE LOURENZÁ E TRABADA", incluíndo, para a súa execución, un gasto de investimento(equipamento) por importe de SETENTA MIL CINCOCENTAS SETENTA E SEIS EUROS CON OITENTA E OITO EUROS (70.576,88.-), IVE INCLUIDO, destinado a adquisición dun Tractor de serie X6L, X6.640 para desbroce de camiños.

| GASTOS DE INVESTIMENTO DOS CONCELLOS DE LOURENZÁ-TRABADA NO PROXECTO DE MANTEMENTO ESPACIOS NATURAIS E DESBROCE | | | |
|---|---------------------------|----------------------------|-----------------------|
| | CONCELLO TRABADA (50%) | CONCELLO LOURENZÁ (50%) | TOTAL INVESTIMENTO |



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



| | | | |
|---------------------------|------------------|------------------|------------------|
| EQUIPAMENTO (MAQUINARIA) | 35.288,44 | 35.288,44 | 70.576,88 |
| TOTAL INVESTIMENTO | 35.288,44 | 35.288,44 | 70.576,88 |

b) Aprobar igualmente incluír na solicitude de subvención para a execución de dito proxecto, os gastos de funcionamento correspondentes ao servizo de desbroce de camiños que se comparte co Concello de Trabada así como os gastos de funcionamento do mantemento de xardíns, áreas recreativas, parques públicos, paseos, por considerar que todas elas son actividades de protección do medio ambiente e de espazos naturais, ascendendo o importe total de ditos Gastos de Funcionamento a CORENTA E NOVE MIL NOVECENTOS TRES EUJROS CON DOCE CÉNTIMOS (49.923,12.-) e co seguinte desagregación:

| | CONCELLO TRABADA (50%) | CONCELLO LOURENZÁ (50%) | TOTAL |
|-----------------------------------|------------------------------|-------------------------------|------------------|
| PERSOAL SERVICIO DESBROCE | 8.597,13 | 8.597,13 | 17.194,26 |
| MANTEMENTO SERVIC. DESBROCE | 1.741,67 | 1.741,67 | 3.483,34 |
| PERSOAL MEDIO AMBIENTE | 14.372,50 | 14.372,50 | 28.745,52 |
| TOTAL GASTO FUNCIONAMIENTO | 24.711,56 | 24.711,56 | 49.423,12 |

SEGUNDO.- Solicitar, conxuntamente co Concello de Trabada y mediante o sistema de xestión compartida, á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ó abeiro da Orde de 21 de decembro do 2015 (DOG. núm.246 de 28/12/15), polá que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a Entidades Locais de Galicia, unha subvención por importe de NOVENTA E SEIS MIL (96.000,00.-) EUROS , o que supón o 80% do presuposto total presentado que ascende á cantidade de CENTO VINTE MIL (120.000.-) EUROS e que comprende os seguintes apartados:

| CONCEPTO | PRESUPUESTO |
|---|-------------------|
| ORZAMENTO TOTAL (100%) | 120.000,00 |
| I.- INVERSION (58,81%) | 70.576,88 |
| II.-FUNCIONAMIENTO (41,86%) | 49.423,12 |
| SUBVENCION TOTAL SOLICITADA (80%) | 96.000,00 |
| I.- SUBVENCIÓN SOLICITADA INVESTIMENTO | 56.461,50 |
| II.-SUBVENCIÓN SOLICITADA FUNCIONAMIENTO | 39.538,50 |
| APORTACIÓN MUNICIPAL (20%) | 24.000,00 |

| | | |
|-------------------------|-----------|-------------------|
| I.-CONCELLO DE LOURENZA | 12.000,00 | 7.057,69+4.942,31 |
| II.-CONCELLO DE TRABADA | 12.000,00 | 7.057,69+4.942,31 |

TERCEIRO.- Incluir na solicitude de subvención os gastos correspondentes ao IVA posto que, de conformidade co disposto no artigo 4.2c) da Orde ao abeiro da que se solicita a subvención, este Concello e o Concello de Trabada, como beneficiarios, abónanos directamente e no son susceptibles de recuperación.

CARTO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na citada Orde, comprometéndose, no caso de que se conceda a subvención, a achega municipal refrexada no punto segundo con cargo aos presupostos municipais do presente exercicio así como á sinatura dun Convenio de Colaboración co Concello de Trabada segundo o disposto no artigo 12 da Orde de 21 de decembro xa citada.

QUINTO.- Manifestar que tanto esta entidade, como a de Trabada, e segundo consta no expediente, ten a súa disposición os terreos onde se pretenden desenvolver as actuacións que comprende o expediente de solicitude de subvención.

SEXTO.- Comprometerse á utilización da lingua galega na realización das actividades para as cales se solicita a axuda así como a responder de forma solidaria tanto da execución do proxecto como da aplicación solidaria da subvención.

SÉTIMO.- Asumir que a xestión do proxecto se realice por este Concello, en representación da Agrupación, que será a entidade promotora e incluírá todo o relacionado coa xestión do proxecto, aspectos materiais técnicos o de servizo, en base ó disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

OITAVO.- Faculta-la Sra. Alcaldesa - Presidenta, D^a. Rocío López García, como representante de ambos Concellos, Lourenzá y Trabada, con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria correspondan á agrupación e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

B) DACIÓN DE CONTA DA PUBLICACIÓN DA ORDE DO 23 DE DECEMBRO DE 2015, PUBLICADA NO D.O.G.A. NÚM. 247 DE 29/12/15 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E CONVÓCANSE SUBVENCIÓNS PARA A CREACION E/OU MELLORA DE INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACION DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DESTINADOS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2016 DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE GESTION COMPARTIDA, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO AGRICOLA DE DESENVOLVIMIENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVIMIENTO RURAL DE GALICIA 2014-2020 E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.

Vista a Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 23 de decembro de 2015, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 247 de 29/12/2015 pola que se establecen



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

TIF: 982 121 006 - 982 121 552
Fax: 982 121 506
CIF: P2702700B
REL: 01270272



as bases reguladoras e convócanse subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a Concellos de Galicia para o ano 2016 de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

Visto que se trata dunha oportunidade importante para a mellora das instalacións do polideportivo municipal en concreto os vestiarios e a cuberta.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria, por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Solicitar ao amparo da Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 23 de decembro de 2015, publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 247 de 29/12/2015 pola que se establecen as bases reguladoras e convócanse subvencións para a creación e/ou mellora de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a Concellos de Galicia para o ano 2016 de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 unha subvención para "OBRAS DE MELLORA NO PABELLON POLIDEPORTIVO MUNICIPAL", por importe de trinta e un mil sete euros con oitenta e cinco céntimos (31.007,22), que corresponde ó 80 por cento do presuposto de execución material que ascende a trinta e oito mil setecentos cincuenta e nove euros con dous céntimos (38.759,02), e cuxo presuposto total con I.V.A. incluído ascende á cantidade de corenta e seis mil oitocentos noventa e oito euros con corenta e un céntimos (46.898,41) comprometéndose o Concello ao abono da parte restante, quince mil oitocentos oitenta e un euros con dezanove céntimos (15.891,19), é dicir á parte correspondente do importe do I.V.A. e ao 20% do importe dos proxectos sen I.V.A., segundo se indica no esquema seguinte:

| PRESUPOSTO TOTAL | PRESUPOSTO SEN IVE. | IVA | SUBVENCION SOLICITADA | APORTACION CONCELLO |
|------------------|---------------------|----------|-----------------------|---------------------|
| 46.898,41 | 38.759,02 | 8.139,39 | 31.007,22 | 15.891,19 |

Segundo.- Aprobar o anteproxecto redactado polo Arquitecto Técnico D. Francisco Damián Pérez Rodríguez e que é "Obras de Mellora en Pabellón Polideportivo Municipal, por importe de corenta e seis mil oitocentos noventa e oito euros con corenta e un céntimos (46.898,41).

Terceiro.- Aceptar integramente os termos e prescricións, incluídas as de financiamento, contidas na Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 23 de decembro de 2015.

C).- DACIÓN DE CONTA DA ORDE DE 29 DE DECEMBRO DO 2015 (DOG. NÚM. 248 DE 30/12/2015) DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2016 E ADOPCIÓN DO ACORDO QUE PROCEDA.

Visto o contido da Orde de 29 de decembro do 2015 (DOG. núm. 248 de 30/12/2015) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a convocatoria para o ano 2016 e véndose a posibilidade de solicitar unha subvención ó abeiro da mesma posto que este concello ten perceptoras deste tipo de renda, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos catro concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Solicitar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o ano 2016 e ó abeiro da Orde de 29 de decembro do 2015 polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA), unha subvención por importe de NOVE MIL TRESCENTOS ONCE EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (9.311,68.-) para a contratación de UN(1) PEÓN DE SERVICIOS MÚLTIPLES e para sufragar ó 100% dos custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o Convenio Colectivo vixente no momento de formular a solicitude e que é o Convenio Provincial de Edificacións e Obras Públicas de Lugo, publicado no BOP. Núm. 132 de 11/06/2015 e que son os que se transcriben a continuación:

| PEON DE SERVICIOS MÚLTIPLES | | | | | |
|-----------------------------|-------------------|---------------------------|--------------------------------------|------------------|------------------------|
| Nº Traballadores | Datos Traballador | CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS | | | |
| 1 | GRUPO COTIZACIÓN | XORNADA LABORAL | SALARIO BRUTO (CON PLUSES SALARIAIS) | P.P.PAGAS EXTRAS | CUSTO SALARIAL MENSUAL |
| 1 | 10 | 75% | 823,69 € | 141,65 € | 965,34 € |

| CUSTOS SEGURIDAD SOCIAL MENSUAIS | | | | TOTAIS | | |
|----------------------------------|----------------------------|------|--------------------------|---------------------|--------------|-------------------------|
| BASE COTIZACIÓN | % COTA PATRONAL Á S.SOCIAL | CNAE | COTA PATRONAL Á S.SOCIAL | TOTAL CUSTO MENSUAL | NÚMERO MESES | TOTAL CUSTO TRABALLADOR |
| 965,34 € | 37,80% | 8411 | 364,90 € | 1.330,24 € | 7 MESES | 9.311,68 € |

SEGUNDO.- O traballador/a que se contrate deberá ser, en todo caso, persoa perceptora da RISGA e estar inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoa demandantes non ocupada. Estes



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

Tlf: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

TERCEIRO.- Aceptar as obrigas contidas no artigo 12 e seguintes da Orde de 29 de decembro do 2015 ó abeiro da cal solicitase a presente subvención.

CUARTO.- Faculta-la Sra.Alcaldesa, D^a. Rocío López García para a sinatura de documentos e xestión de trámites que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

D) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 18/01/2016 POLA QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE TRABADA E LOURENZÁ PARA REALIZACIÓN CONXUNTA DO SERVIZO DE LIMPEZA DE VIAS PÚBLICAS NON URBANS Ó ABEIRO DA ORDE 29/12/2015 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (DOG.NUM.248 DE 30/12/2015) POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

Neste punto da orde do día, a Xunta de Goberno Local acordou ratificar, por unanimidade, a Resolución da Alcaldía de data 18/01/2016, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

"Dona ROCIO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa - Presidenta do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e en virtude da Orde do 29 de Decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, publicada no DOG Nº 248 do Mércores 30 de Decembro de 2015, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, VEN A RESOLVER:

PRIMEIRO: Solicitar de forma conxunta entre o Concello de Lourenzá e Trabada á Consellería de Economía, Emprego e Industria axudas para a contratación dun traballador desempregado que realizará o servizo "Limpeza de Vías Públicas non Urbáns" nos Concellos de Lourenzá e Trabada.

SEGUNDO: Aprobar e asinar o convenio de colaboración entre os Concellos de Trabada e Lourenzá para a realización conxunta do servizo de "Limpeza de Vías Públicas non Urbáns" co seguinte contido literal:

" Dunha parte, D. Mayra García Bermúdez, con DNI 76.581.671-C, como alcaldesa - presidenta do Concello de Trabada, en nome e representación da Corporación Municipal.

Da outra, Dna. Rocío López García, con DNI 76.580.879-X, como alcaldesa - presidenta do Concello de Lourenzá, en nome e representación da Corporación Municipal.

ACORDAN:

- Solicitar de forma conxunta á Consellería de Economía, Emprego e Industria axudas para a contratación de un traballador desempregado que realizará o servizo "limpeza de vías públicas non urbáns", en virtude da Orde do 29 de Decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, de carácter complementario ao Convenio de data 2 de Decembro de 2015 de conformidade coa cláusula quinta do mesmo.

-Nomear ao Concello de Trabada como representante ante a Consellería de Economía Emprego e Industria para a tramitación administrativa do citado proxecto.

TERCEIRO: En relación ao cálculo da subvención da Obra/Servizo pola que se solicita a subvención:

Que o convenio colectivo de aplicación aos traballadores/as desempregados/as que se van contratar para a execución da Obra/Servizo pola que se solicita a subvención é o seguinte: "Convenio Estatal de Jardinería, publicado no BOE nº 173 do 20/07/2013", e que conforme ao mesmo, o salario a aboar aos traballadores/as é, en importe mensual, é o da seguinte táboa:

| NÚM. TRAB | GC SS | OCUPACIÓN | CNAE 2009 / OCUP | CUSTO UNITARIO MENSUAL | | | | CUSTOS TOTAIS | | |
|-----------|-------|-------------------|------------------|------------------------|-----------------|-----------------|---------------------|----------------------------|----------------|-------------------------|
| | | | | SALARIO BRUTO (1) | % COTA PATR. SS | COTA PATR. Á SS | TOTAL CUSTO MENSUAL | DURACIÓN CONTRATO EN MESES | TIPO XORNADA % | CUSTOS SALARIAIS TOTAIS |
| 1 | 9 | Oficial Conductor | 8411 | 904,43 | 37,80% | 341,87 | 1.246,30 | 6 M | 50% | 7.451,08 |

CUARTO: Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local.

Mándao e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta en Lourenzá (Lugo) a 18 de Xaneiro de dous mil dezaseis.Lourenzá, 18 de Xaneiro de 2016.A Alcaldesa.Asdo.: Rocío López García."

E) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 18/01/2016 POLA QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE TRABADA E LOURENZÁ PARA O SERVIZO DE SOCORRISMO Ó ABEIRO DA ORDE Ó ABEIRO DA ORDE 29/12/2015 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (DOG.NUM.248 DE 30/12/2015) POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

Neste punto da orde do día, a Xunta de Goberno Local acordou ratificar, por unanimidade, a Resolución da Alcaldía de data 18/01/2016, sendo o seu contido literal o que se transcribe a continuación:

Dona ROCIO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e en virtude da Orde do 29 de Decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, publicada no DOG Nº 248 do Mércores 30 de Decembro de 2015, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016, VEN A RESOLVER:

PRIMEIRO: Solicitar de forma conxunta entre o Concello de Lourenzá e Trabada á Consellería de Economía, Emprego e Industria axudas para a contratación de tres traballadores desempregados que realizarán o servizo "Socorrismo nas piscinas municipais" nas instalacións acuáticas de Trabada e Lourenzá.



Concello de Lourenzá

Praza do Conde Santo, s/n - 27760 - Lugo

TIF: 982 121 006 - 982 121 552

Fax: 982 121 506

CIF: P2702700B

REL: 01270272



SEGUNDO: Aprobar e asinar o convenio de colaboración entre os Concellos de Trabada e Lourenzá para a realización conxunta dos servizos de socorrismo nas respectivas piscinas municipais co seguinte contido literal:

"Dunha parte, D. Mayra García Bermúdez, con DNI 76.581.671-C, como alcaldesa - presidenta do Concello de Trabada, en nome e representación da Corporación Municipal.

Da outra, Dna. Rocío López García, con DNI 76.580.879-X, como alcaldesa - presidenta do Concello de Lourenzá, en nome e representación da Corporación Municipal.,ACORDAN:

-Solicitar de forma conxunta á Consellería de Economía, Emprego e Industria axudas para a contratación de tres traballadores desempregados que realizarán o servizo "Socorrismo nas piscinas municipais" nas instalacións acuáticas de Trabada e Lourenzá, en virtude da Orde do 29 de Decembro de 2015 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.

-Nomear ao Concello de Trabada como representante ante a Consellería de Economía Emprego e Industria para a tramitación administrativa do citado proxecto."

TERCEIRO: En relación ao cálculo da subvención da Obra/Servizo pola que se solicita a subvención:

